Educación física na escola

Carmen Colodrón
Mestra EF

Cando pensamos na razón para introducir a educación física nos programas escolares, parécenos oportuno sinalar que a educación física está alí para contribuír a que o neno logre un estado de equilibrio e harmonía entre os seus movementos e o seu corpo, determine a súa identidade corporal e se forme unha imaxe de si mesmo direccional; é dicir, que poida manexar o seu corpo segundo os seus desexos. Ademais, a actividade física contribúe á manifestación do neno como suxeito social, favorecendo a comunicación e relación cos seus pares a través do traballo en equipo e a conformación de grupos. En relación cos deportes e a súa práctica escolar, Nóbile e Fedi sinalan:

> *Os nenos (construíndo estas habilidades) poden aprender a negociar, acordar, respectar e modificar as regras que posibilitan a igualdade de oportunidades para todos. Contribúen a unha verdadeira escola de democracia, de convivencia e de participación; de cooperación e de solidariedade, de integración social e pertenza grupal. A través deles poden aprender a valorar a liberdade e a xustiza, a tolerar o éxito e a frustración, a recoñecer e respectar as posibilidades e límites propios e alleos, a afirmar a vida, a paz e o ben común sobre as tendencias destrutivas, a enfermidade e as dependencias psicofísicas.*

Para finalizar, podemos sinalar que a introdución da educación física na escola, reporta, en primeiro lugar, beneficios ao propio corpo, á súa relación co medio físico e como medio para a relación social. Podemos mencionar como beneficio asociado, ou secundario, a educación de valores, pois ao ensinalos a "com-partir" -partir con outros- facilitamos a socialización e o traballo en equipo. Tal vez o primeiro traballo en equipo que podemos facer leve por título: "A importancia dunha educación física para unha vida máis saudable, que pase polo corpo, a cabeza e o corazón".

Unha escola para tod@s

Teresa Mayo
Mestra PT

A educación Especial foi evolucionando nas últimas décadas. Pasouse dun modelo médico basado no déficit e na búsqueda da súa etioloxía, a un modelo pedagóxico onde se busca unha resposta educativa adecuada ás necesidades educativas especiais d@ alumn@. Dende unha institucionalización das persoas con deficiencia (a atención concíbese de forma asistencial non educativa), pasando por unha educación especial segregadora (os centros xa non son meramente asistenciais, senón, tamén educativos especializándose en función ó tipo de discapacidade que atenden) ata a integración que se leva a cabo hoxe en día dos alumn@s con necesidade específica de apoio educativo nos centros ordinarios. Dende un tratamento médico na época das institucións, pásase a currículos específicos, mentres que agora se toma como referencia o currículo xeral para tod@s @s alumn@s realizando as adaptacións curriculares necesarias.

Os principios que continúan guiando hoxe en día o sistema educativo e que se levan a cabo nunha escola diversa adaptada ás necesidades de cada alumn@ son os de Normalización (tomar medidas para que a escola se adapte ás necesidades de cada suxeito coa finalidade de que cada un poida desenrolarse nela de forma óptima), Integración, Sectorización (trátase de prestar os servizos a quen os precise no seu ambiente físico, social, familiar, alí onde se producen, e non en lugares alonxados da súa vida cotiá) e Individualización (a educación debe respetar en todo momento as peculiaridades de cada suxeito e adaptarse ás características de cada un). Non debemos esquecer que actualmente a escola camiña hacia o que se da en chamar Inclusión Total.

A escola debe ser unha comunidade educativa aberta, onde cooperen, participen e interactúen tódolos elementos persoais. O modelo de escola debe centrarse n@ nen@ amosándolle alternativas educativas adecuadas a súa individualidade.

Para levar a cabo unha atención adecuada aos alumn@s con necesidades específicas de apoio educativo, debe participar toda a comunidade educativa (docentes, alumn@s e familias), así como tamén será necesario unha adecuada coordinación cos recursos externos ó centro, coa finalidade de conseguir unha integración social completa para @s nos@s alumn@s.

Ano Santo Compostelán 2010

O ano Santo Compostelán celébrase por disposición pontificia todos aqueles anos nos cales a festividade do Apóstolo Santiago, vinte e cinco de xullo, ocorre en domingo.

Foi o Papa Calixto II en 1122 o que distinguiu ao santuario compostelán co Privilexio xubilar ou dos Anos Santos. Esta concesión foi ratificada polo Papa Alejandro III mediante a Bula "Regis Aeterni", promulgada en 1179, na que ordenou que os fieis debidamente dispostos, puidesen gañar a graza do xubileo visitando o templo do Apóstolo Santiago, en Compostela.

A frecuencia dos Anos Santos

O Ano Santo 2010 é o 119 na historia dos Anos Santos Compostelans. Pola incidencia dos anos bisiestos a frecuencia dos Anos Santos Compostelans establécese segundo o seguinte período: 6, 5, 6, 11. O último ano Santo foi en 1999; co Ano Santo do 2010 empeza un ciclo de 11 anos ata o 2021. Durante o século XXI serán tamén Ano Santo os seguintes: 2027, 2032, 2038, 2049, 2055, 2060, 2066, 2077, 2083, 2088, 2094 e 2100. Neste último ano do século rompe o ciclo habitual xa que ese ano non é bisiesto.

A apertura da Porta Santa

A Porta Santa da Catedral de Santiago, chamada tamén Porta do Perdón ou dos Perdóns, data do ano 1521 e é unha das sete entradas menores da Catedral. É probable que a súa orixe estea ligado á decisión que, no ano 1499 creou en Roma o Papa Alejandro VI coa apertura do Ano Santo Romano, ao decidir habilitar unha entrada especial para os devotos que desexan gañar o xubileo. Compostela non tardaría moito en seguir os seus pasos. A Igrexa decidiría perforar o muro da Quintana para cargar aínda de máis simbolismo o ritual xacobeo. En decembro de 2003 substitueuse a antiga porta de madeira do portillo por unha de bronce, obra do escultor compostelán Suso León.

Coa solemne cerimonia de apertura da Porta Santa, que se realiza na tarde do 31 de decembro, iníciase o Ano Xubilar; un ano despois péchase con parecida solemnidade. O rito de apertura remóntase ao século XVI. Desde entón, cada ano santo levase a cabo o mesmo proceso. O Arcebispo de Santiago derruba desde o exterior, tras golpealo por tres veces cun martelo de prata, o murete de mampostería que tapia a Porta Santa.

María José Mansilla
Juan Manuel Ogando
Mestres Relixión